



A Federación Galega de Caza estivo presente un ano máis en SIDENATUR

Os días 19, 20 e 21 de setembro tuvo lugar no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo a terceira edición da Feira de Caza, Pesca e Natureza SIDENATUR, que este ano voltaba a Galicia despois do seu paso por Portugal na pasada edición. Este evento trata de aglutinar todo tipo de actividades relacionadas coa natureza e o deporte ao aire libre.

A Federación Galega de Caza contou como ven sendo habitual cun stand propio dentro do recinto e levou a cabo diversas actividades protagonizadas por algúns dos seus deportistas máis destacados en cans de parada e percorridos de caza con arco. Igualmente houbo unha exhibición de cetrería a cargo de Falcóns Galicia.



O apartado anecdótico protagonizouno o Conselleiro de Industria e Innovación, Don Fernando Xabier Blanco Álvarez, que durante o acto de inauguración da feira animouse a probar a súa habilidade co arco no stand da Federación e, tras unha primeira toma de contacto, fixo un certo tiro. Sen dúbida esta actividade foi unha das destacadas da feira e fixo as delicias de todos os asistentes.



Case tres días de feira nos que pasaron unha importante cantidade de visitantes, que edición tras edición se achegan en maior número, mais sen embargo o sentir do público foi que a feira aínda necesita de algunhas melloras nos vindeiros anos.

Gabinete de Comunicación

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

www.federaciongalegadecaza.com